



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001727

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Convocatoria Plazas Escuela Infantil Municipal CURSO 2024-2025)

Vista a acta da comisión de Baremación da Escola Infantil Municipal Florita Ramos celebrada o 27 de agosto de 2024 as 9:00 horas, que suxire que co fin de facilitar a inmediata incorporación do alumnado admitido no período extraordinario, que os que estean admitidos poidan incorporarse o día 3 de setembro, de inicio do curso, sen necesidade de esgotar o prazo de alegacións de 10 días para formular reclamacións, unha vez formalizada matrícula no impreso Anexo IV coa documentación requirida no mesmo.

Logo de ver o regulamento de funcionamento da E.I Municipal aprobado polo pleno o 28-6-2012 (BOP 20/07/2012), e a ordenanza Fiscal da Escola Infantil (BOP de 11/12/2020).

En función das competencias atribuídas a esta Alcaldía pola Lei de Bases de Réxime Local 7/85, de 2 de abril, RESOLVO,

Primeiro.- Aprobar a Acta da Comisión de Baremación da Escola Infantil Municipal Flora Ramos de 27 de agosto e as listaxes provisionais de admitidos para os grupos 1-2 anos e 2-3 anos, habendo resultando admitidos todos os solicitantes para estes dous grupos, permitíndose a incorporación do alumnado, unha vez formalizada matrícula no impreso Anexo IV coa documentación requirida no mesmo, dende o día 3 de setembro e unicamente no caso de non formular reclamacións dentro do período concedido.

Segundo.- Desestimar a solicitude presentada por V.M.T.C, titular do DNI ***377***, por estar fóra de prazo, ao non estar aberto o prazo extraordinario de solicitudes para este grupo de idade, da Aula 0 a 1 anos.

Terceiro.- Conceder un prazo de 10 hábiles para formular reclamacións, a contar dende o seguinte ó da publicación da presente resolución.

Cuarto.- Publicar a presente resolución, así como as listaxes de novos admitidos na páxina web, no taboleiro municipal, e no da propia Escola Infantil.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>